



PLAN DIXITAL

CEIP SANTIAGO DE OLIVEIRA

Xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Centro	Dirección	Web	Correo electrónico
CEIP Santiago de Oliveira	Fraga do Rei, s/n, 36864 Pontearreas, Pontevedra	https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantiagooliveira/	ceip.fragadorei@edu.xunta.gal

	4ºEI	5ºEI	6º EI	1º EP	2º EP	3º EP	4º EP	5º EP	6º EP	Total
Alumnado	5	8	7	11	9	9	16	11	14	90
Profesorado										17

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A este colexio asisten nenos e nenas das parroquias de Guillade, Celeiros, San Lorenzo de Oliveira, Cumiar, Santiago de Oliveira e Uma; esta última, do concello de Salvaterra de Miño, debido á súa proximidade xeográfica co centro.

A parroquia de Santiago de Oliveira, onde se atopa o centro, está situada nunha ladeira entre os montes da Picaraña e San do Medio. O clima da zona é húmido. No inverno abundan as choivas e no verán as temperaturas son moderadas.

O colexio está nun lugar illado dos núcleos de poboación e bastante mal comunicado. Os accesos son estradas comarcais, estreitas e con moitas curvas, o que dificulta bastante a proxección do centro no seu entorno. A falta de sinais nas estradas para acceder ó centro dificulta aínda máis estas comunicacións.

A actividade económica das familias do alumnado escolarizado no CEIP Santiago de Oliveira está baseada maioritariamente no sector secundario. É moi frecuente que só traballe fóra da casa un membro da familia. A nivel sanitario, os servizos están centralizados no núcleo urbano de Pontearreas, onde hai un centro de saúde.

Na zona hai varios centros culturais, algúns dotados de biblioteca, onde o alumnado vai a diferentes actividades polas tardes e no fin de semana.

Este centro conta con oito unidades: dúas de educación infantil e seis de educación primaria. Conta cun equipo de profesionais formado por oito titoras e titores e os/as diferentes especialistas. As mestras de relixión e AL son compartidas co CEIP Antonio Carpinteiro de Arbo e CEIP Feliciano Barrera de Guláns respectivamente. O centro non conta con persoal non docente de comedor, pero si conta co servizo de conserxería. O Concello de Pontearreas encárgase da limpeza das instalacións do centro, polo que unha empregada do concello vén ao centro para realizar a limpeza das instalacións.

Este centro pasou a ser centro Edixgal no curso 20-21. A consecuencia disto e da situación derivada pola situación Covid 19, o profesorado e alumnado formouse no manexo da Aula Virtual e da plataforma Edixgal.

Dende a biblioteca tamén se está participando no proxecto de Bibliotecas Creativas, impulsando o uso das novas tecnoloxías.

Gran parte do claustro formouse e usou nas aulas recursos dixitais como o croma, escornabots, makey makey,...

O Plan Dixital nunha vai ser unha parte moi importante no desenvolvemento do PXA para o vindeiro curso. Estará vinculado de forma moi estreita coa planificación da biblioteca donde nace o PDI do centro.

A través do PD buscarase, dentro da programación do curso escolar, o desenvolvemento da competencia dixital e o uso das tecnoloxías no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Contribuirá, xunto con outros programas, na transformación do noso centro nun centro dixitalmente competente.

Consideramos que o Plan Dixital pode ser un instrumento ideal para lograr a inclusión e a cohesión social, e permítenos o desenvolvemento de estratexias de atención á diversidade na aula, facilitando o desenvolvemento das competencias básicas no alumnado.

O PD e o PE teñen que complementarse e estar en consonancia.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación, na que se establece no seu artigo 2, como un dos fins do sistema educativo, a capacitación para garantir a inserción do alumnado na sociedade dixital, e a aprendizaxe dun uso seguro dos medios dixitais inculcando a importancia do respecto coa dignidade humana, os valores constitucionais, os dereitos fundamentais e, particularmente, co respecto e a garantía da intimidade individual e colectiva. No artigo 19, indica que a competencia dixital se traballará a través de tódalas áreas e no artigo 102, informa que as administracións educativas promoverán a autilización das tecnoloxías da información e a comunicación.

Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 establece que a coordinación do plan dixital será realizado polo equipo de dinamización do Plan Dixital formado pola persoa directora do centro e polo menos, outra persoa do claustro.

1.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do PD da escola, ven marcado polo cronograma da folla de ruta establecida pola Consellería de Educación xunto cos coordinadores ADIX.

Para a elaboración do Plan Dixital participamos tamén no Plan de formación do Profesorado -V2105051 - PFPP V2131018 O Plan Dixital no Centro no CEIP Santiago de Oliveira. Os mestres/as que participamos na elaboración fomos:

- María Luisa Lorenzo Rodríguez
- Rebeca Argibay Rodríguez
- Patricia Pereira Iglesias
- Ana Belén Caride Delgado
- María Perez González.
- María Elizabeth Pregal Pollo.

Partimos dos resultados da enquisa Selfie e do test CDD para realizar o DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas, Oportunidades) do noso centro. Unha vez rematado o DAFO establecemos unha serie de obxectivos tendo en conta os resultados. A raíz deses obxectivos é cando elaboramos o presente documento. Para a realización destes pasos os compoñentes do equipo reunímonos continuamente para a posta en común do traballo.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestructura dixital do centro:

A conectividade do centro é axeitada mediante a conexión sen fíos de "Escuelas conectadas" e a conexión cableada que se renovou no presente curso.

Equipamento dispoñible.

No centro contamos co seguinte equipamento:

Aulas EDIXGAL: Contamos con dúas aulas EDIXGAL completas con EDI, ordenador de mestre, ultraportátiles para cada alumno/a e conexión wifi.

- Equipos de xestión e administración: 3 ordenadores.
- Biblioteca: 1 equipo para a xestión da biblioteca e cinco para o uso do alumnado.
- 2 equipos na sala de mestres.
- Aula de informática 13 equipos.
- Kit de pizarra dixital interactiva, proxector e ordenador nas aulas de 6º de educación infantil, 4º de Educación Primaria, e aula de Inglés.
- Proxector e ordenador na aula de 4º e 5º de educación infantil, 1º de educación primaria, 2º de educación primaria, 3º educación primaria e educación musical.
- Contamos cunha impresora 3D, 7 escornabot, 4 Legos Education WeDo 2.0, 7 Tablets e 3 equipos portátiles con conexión a internet para alumnado con fenda dixital.???

A maioría do noso equipamento co que contamos está obsoleto. Por esta razón, fai uns anos, tivemos que contratar co noso presuposto unha persoa externa ao centro para arranxar e mellorar os equipos cos que contamos.

No centro contamos con páxina web, aula virtual, redes sociais (canle youtube, Instagram) e abalarmóbil. O alumnado de quinto e sexto contan con plataforma E-dixgal.

Páxina web : <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantiagooliveira/>

Aula virtual: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantiagooliveira/aulavirtual/>

Canle Youtube: <https://www.youtube.com/user/ceipdeoliviera>

Instagram: <https://instagram.com/ceipsantiagooliveira?igshid=YmMyMTA2M2Y=>

Empregamos o abalar móbil para poñernos en contacto coas familias, tanto dende o centro como dende as titorías.

- *Xestión do mantemento do equipamento do centro.*

A xestión e mantemento do equipamento do centro está a cargo de:

- Servizo da Unidade de atención a centros (UAC)
- Servizo Premium para E-dixgal.
- O equipo de dinamización de TIC do centro.
- Servizo privado que se fai cargo do resto do equipamento.

- *Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC (Plan de continxencia, por exemplo).*

Relacionados coas TIC temos os seguintes enlaces recollidos na páxina WEB do centro:

- Plan de continxencia:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantiagooliveira/?q=system/files/plan%20de%20continxencia.pdf>

- Programas de Innovación Educativa (Proxecto E-dixgal e Plan TIC do centro) dentro da PXA do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantiagooliveira/?q=system/files/PXA21-22.pdf>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE

Áreas	Grupos	
A -Liderado	Equipo Direct.	3.7
	Profesorado	3.7
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3.5
	Alumnado	3.6
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4
	Profesorado	4.1
	Alumnado	4.2
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.7
	Profesorado	3.9
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	4.1
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.9
	Profesorado	3.8
	Alumnado	3.4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.5
	Profesorado	3.5
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	3.7
	Alumnado	4.2

Test CDD

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	7	9	77,8%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	3	4	75%
SUBSTITUTO	3	4	75%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
62	Explorador,-a (A2)	76,4	Integrador,-a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	60,7	Explorador,-a (A2)	66,2	Integrador,-a (B1)
PRIM	61,9	Explorador,-a (A2)	77,3	Integrador,-a (B1)

2.3.

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	6,7%
A2	8	53,3%
B1	6	40%
TOTAL	15	100 %

2.4. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - Boa conexión á rede. - Aula informática. 	<ul style="list-style-type: none"> - Recursos tecnolóxicos obsoletos. - Pouco espazo na aula de informática.
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Coordinación entre os docentes. - Equipo humano motivado. - Formación especializada e continua do equipo docente. 	<ul style="list-style-type: none"> - Sobrecarga de accións e proxectos que chegan ao centro. - Imposición de burocracia. - Cambios legislativos constantes. - Falta de tempo.
	PERSOAL NON DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Relación positiva entre o persoal docente e non docente. - Actitude colaborativa no centro. 	
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> - Ratio profesorado/alumnado adecuada. - Alumnado motivado e receptivo ante as novas tecnoloxías. - Adecuado clima de traballo entre alumnado e profesorado. 	<ul style="list-style-type: none"> - Falta de madurez no uso responsable e seguro das tecnoloxías.
	FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> - Disposición para incluír ás novas tecnoloxías. 	<ul style="list-style-type: none"> - Falta de recursos económicos. - Descoñecemento das tecnoloxías. - Falta de implicación. - Baixa competencia dixital.
	OFERTA	<ul style="list-style-type: none"> - Programa Edixgal. - Aula Virtual. - Páxina web e redes sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Escasa oferta de formación para as familias. - Descoñecemento para a correcta elaboración dunha estratexia dixital.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - Bo funcionamento dos distintos equipos de traballo. - Espazo de traballo adecuado e amplo. 	<ul style="list-style-type: none"> - Equipo dixital insuficiente. - Falta de fondos.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	-Apoio da Administración Educativa.	
	LEXISLACIÓN	- Implantación do Plan dixital do centro.	- Falta de normativa que sustente a estratexia dixital nos centros.
	CONTORNA		- Recursos e infraestructuras insuficientes por ser unha contorna rural.
	ANPA	- Interese por colaborar coas actividades do centro.	- Falta de formación e coñecemento.
	OUTRAS ENTIDADES	- Administración Educativa. - Concello de Pontearreas.	- Falta de coordinación entre as distintas entidades que dan soporte técnico dixital.

3. 3.- Plan de Acción

O plan de acción do noso centro xira en sacarlle o máximo partido os medios dixitais cos que contamos: Aula Virtual, Páxina web, edixgal. Por iso queremos conseguir que estes medios cheguen a toda a comunidade educativa.

O profesorado leva tempo formándose para tal fin pero nestes intres os recursos materiais (equipos informáticos, tablets, pantallas interactivas,...) non existen ou están obsoletos.

3.1. 3.1. Obxectivos, indicadores e acción

O DAFO foi elaborado tras varias horas de reflexión e valoración. O análise das nosas fortalezas axudounos a ver que non temos tantas debilidades se aproveitamos ao máximo os nosos recursos. Temos en xeral un claustro que, aínda sen ter unha gran competencia dixital, teñen o máis importante, o compromiso de construír un centro máis competente a nivel dixital.

As áreas de mellora do noso plan son

Pedagogía e implementación na aula, centrándose no uso da Aula Virtual de primeiro a cuarto de primaria. A maioría deste alumnado non domina a aula virtual e as súas familias tampouco.

Organizarase unha hora semanal para que traballen na aula de informática. A consecución deste obxectivo medirase na autonomía do alumnado na Aula Virtual no cole e dende as súas casas, que é realmente onde ten máis sentido ten o seu uso.

Infraestrutura e equipos, onde temos como obxectivo contar con dotacións de equipos e pantallas dixitais para as distintas aulas, incluso para as aulas das especialidades. Isto vainos permitir ter as tics como un recurso moi valioso.

Desenvolvemento profesional contínuo centrado na páxina web facendo este medio máis dinámico e que chegue a máis persoas, incluso máis alá da comunidade educativa.

3.2. - Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

	DOTACIÓN	NECESIDADE	FINALIDADE
Infraestrutura	Infraestrutura de datos	Mantemento na calidade e velocidade da conectividade.	Optimización de tempo e traballo.
	Infraestrutura cableado	Mantemento na calidade e velocidade da conectividade.	Optimización de tempo e traballo.
Equipamento	Equipamento Equipo Directivo	2 ordenadores de sobremesa para levar a cabo todas as tarefas administrativas, burocráticas e pedagóxicas. 3 portátiles para poder desenvolver o traballo noutros espazos do centro.	Actualización de medios informáticos.
	Equipamento sala de mestras/es	Ordenadores para o traballo diario e pantalla dixital interactivo para as reunións dos equipos.	Actualización dos medios informáticos e mellorar a calidade e rapidez do traballo.
	Equipamento aulas Educación Infantil	3 aulas dixitalizadas con: 3 ordenadores, 2	Actualización dos medios informáticos.

		<p>pantallas dixitais interactivo, tablets para o alumnado e xogos de pensamento computacional adaptados á idade do alumnado.</p>	
	<p>Equipamento Aulas de Educación Primaria 1º, 2º e 3º EP</p>	<p>3 aulas dixitalizadas con: 3 ordenadores, 2 pantallas dixitais interactivos, 20 equipos ultraportátiles para aula móbil e xogos de pensamento computacional adaptados á idade do alumnado.</p>	<p>Actualización dos medios informáticos para mellorar a calidade do traballo.</p>
	<p>Equipamento Aula de música.</p>	<p>Unha pantalla dixital interactiva co seu ordenador.</p>	<p>Adecuación das ferramentas de traballo.</p>
	<p>Equipamento Aulas Específicas de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica.</p>	<p>2 aulas dixitalizadas con 2 pantallas dixitais interactivos cos seus ordenadores.</p>	<p>Adecuación das ferramentas de traballo.</p>
	<p>Equipamento Departamento de Orientación.</p>	<p>Un equipo portátil para desenvolver o traballo diario.</p>	<p>Adecuación das ferramentas de traballo.</p>
	<p>Equipamento Aula de Informática</p>	<p>Pantallas dixital interactivo cos equipos informáticos e o mobiliario axeitado. Impresora de Vinilo.</p>	<p>Actualización de medios tecnolóxicos.</p>
	<p>Páxina WEB do centro</p>	<p>Formación do profesorado para o</p>	<p>Actualización e mellora da páxina web do centro.</p>

Servizos dixitais educativos		deseño e manexo da páxina web do centro.	
	Aula Virtual do centro	Aproveitamento óptimo da Aula Virtual como recurso.	Optimización deste recurso para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.
	Servicio de comunicación interactivo entre os mestres do centro para facilitar a xestión docente; onde se poda traballar con documentos oficiais e colaborativos respetando a Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.	Plataforma para elaborar documentos oficiais e confidencias de forma colaborativa.	Traballar de forma eficiente respectando o establecido na lei de protección de datos.

Táboas do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Pedagogía e implementación na aula						
OBXECTIVO 1:	Usar de forma axeitada e eficaz a aula virtual do centro				Acadado	
Responsable:	Coordinador,-a Tics				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe do alumnado que fai un uso adecuado da Aula Virtual					
Valor de partida:	20,00%					
Valor previsto e data:	100,00%					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1:Organizaranse sesións de traballo (mínimo unha sesión semanal) co alumnado de primeiro curso na Aula Virtual	Coordinador,-a Tics Titor,-a	Xuño 2023	Ordenadores Tablets Pantallas táctiles interactivas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2Organizaranse sesións de traballo (mínimo unha sesión semanal) co alumnado de segundo curso na Aula Virtual	Coordinador,-a Tics Titor,-a	Xuño 2023	Ordenadores Tablets Pantallas táctiles interactivas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Organizaranse sesións de traballo (mínimo unha sesión semanal) co alumnado de terceiro curso na Aula Virtual	Coordinador,-a Tics Titor,-a	Xuño 2023	Ordenadores Tablets Pantallas táctiles interactivas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4 Organizaranse sesións de traballo (mínimo unha sesión semanal) co alumnado de cuarto curso na Aula Virtual	Coordinador,-a Tics Titor,-a	Xuño 2023	Ordenadores Tablets Pantallas táctiles interactivas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestrutura e equipos						
OBXECTIVO 1:	Dotar ás aulas de equipos informáticos e pantallas táctiles interactivas				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe das aulas dotadas de equipos tecnolóxicos					
Valor de partida:	10,00%					
Valor previsto e data:	100,00%					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Dotarase ás aulas de educación infantil de tecnoloxía dixital.	Equipo directivo Titor,-a	Xuño 2023	Equipos informáticos Pantallas táctiles interactivas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Dotarase ás aulas de educación primaria (de 1º a 4º curso) de tecnoloxía dixital.	Equipo directivo Titor,-a	Xuño 2023	Equipos informáticos Pantallas táctiles interactivas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
Departamento Orientación	Equipo directivo Xefe do Departamento de Orientación	Xuño 2023	Equipo informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Aula de música	Equipo directivo Mestre especialista	Xuño 2023	Equipo informático Pantalla táctil interactiva		Realizada
					Aprazada
					Pendente
Aula de Audición e Linguaxe	Equipo directivo Mestre especialista	Xuño 2023	Equipo informático Pantalla táctil interactiva		Realizada
					Aprazada
					Pendente
Aula de Pedagogía Terapéutica	Equipo directivo Mestre especialista	Xuño 2023	Equipo informático Pantalla táctil interactiva		Realizada
					Aprazada
					Pendente
Aula de Informática	Equipo directivo Claustro	Xuño 2023	Equipos informáticos Pantalla táctil interactiva		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo						
OBXECTIVO 1:	Formar ao profesorado no deseño e manexo da páxina web do centro				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Conseguir dinamizar a páxina web e darlle visibilidade de cara a comunidade educativa					
Valor de partida:	10,00%					
Valor previsto e data:	100,00%					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Formación e asesoramento para o deseño da páxina web e a súa difusión	Equipo directivo Claustro de mestres e mestras	Xuño 2023	Equipos informáticos Participación do profesorado do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Para avaliar este plan mediremos o grao de consecución dos obxectivos marcados. Tamén haberá que comprobar a efectividade das actuacións levadas a cabo.

Para valorar a avaliación, teremos en conta os seguintes instrumentos e ferramentas:

Os indicadores de avaliación asociados a cada un dos obxectivos e accións.

A ferramenta de avaliación SELFIE a través da que poderemos facer unha análise da competencia dixital do Centro.

O plan avaliarase en función dos resultados obtidos no marco dos obxectivos e prazos previstos. O informe de progreso formará parte da Memoria anual do Centro. O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, levarase a cabo tendo como referente os valores previstos para os indicadores dos obxectivos establecidos.

Avaliarase tanto o proceso como a consecución do obxectivo ao final. Polo tanto estableceranse dous tipos de avaliación:

- Avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- Avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Este Plan Dixital será presentado no claustro e Consello Escolar de final de curso.

Será publicado na Web do centro e enviado ás familias a través da Plataforma Abalarmóbil.